

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 2 de xullo de 2025 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto vacante no cadro de persoal funcionario.

Vacante o posto de traballo que se indica no anexo I desta resolución e sendo necesaria a súa provisión, o xerente no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por Resolución reitoral do 21 de abril de 2022, e de conformidade co previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Regulamento de mobilidade de PAS funcionario da Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobado en Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020, resolve convocar a súa provisión mediante o procedemento de libre designación, con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria

Primeira. Poderán participar as persoas funcionarias de carreira da USC que reúnan os requisitos que se exixen e se especifican no anexo I.

Segunda. A solicitude para participar figura como anexo II desta convocatoria e presentárase exclusivamente a través do Rexistro electrónico da USC, <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm> no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira. A solicitude deberá presentarse acompañada de currículo e da xustificación documental daqueles méritos que se aleguen e que non consten acreditados no expediente persoal dos/das aspirantes.

Cuarta. De conformidade co establecido no artigo 18 do Regulamento de mobilidade de PAS funcionario da USC, a persoa funcionaria de carreira que desempeñe en comisión de servizos o posto de libre designación incluído nesta convocatoria terá a obriga de participar. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da comisión de servizos.

Quinta. A resolución desta convocatoria publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

CVE-DOG: lb51c774-jrg6-oo19-heh0-cmjuwyp3ykr0



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2025

O reitor da Universidade de Santiago de Compostela
P.D. (R.R. do 21.4.2022; DOG do 26.4.2022)
Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

Denominación do posto: Secretaría de dirección. Unidade de Xestión Administrativa da Reitoría.

Número de praza: PF000862.

Subgrupo: C1/C2.

Nivel: 20.

Complemento específico: 10.424,40.

Quenda: mañá.

Localidade: Santiago de Compostela.



ANEXO II

Universidade de Santiago de Compostela

Solicitude de participación no procedemento de libre designación convocado pola
Resolución do 2 de xullo de 2025

Datos persoais

DNI	Apelidos	Nome
Destino actual		
Corpo ou escala a que pertence		Subgrupo
Teléfono		Correo electrónico
Enderezo		
Código postal	Localidade	Provincia

Posto que solicita

Denominación do posto

O/a abaixo asinante solicita ser admitido/a na convocatoria a que se refire esta solicitude e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións requiridas especificamente por esta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

De conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Regulamento UE 2016/679, os datos recollidos neste procedemento serán incorporados pola USC no tratamento denominado «Persoal», cuxa finalidade é a xestión de expedientes administrativos de persoal, cálculo de nóminas e Seguridade Social e xestión de persoal. O órgano responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela, con domicilio social na praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, correo electrónico: protecciondatos@usc.gal

Tamén se pode pór en contacto co delegado de protección de datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei orgánica 2/2023 do sistema universitario e Lei autonómica 6/2013, do Sistema universitario de Galicia).



Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia e nos supostos de obrigas legais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da sede electrónica en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportunas. Os datos serán conservados durante o período en que se realice a finalidade para a cal foron recollidos ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Unha vez cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescripción aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

..... de..... de 2025
(sinatura)

Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: lb51c774-jrg6-oo19-heh0-cmjuyp3ykr0

